



MUÍÑOS DO REGO DE AMIL-VALDEBOIS


Adela Leiro, Mon Daporta
xullo 2017



Distancia: 1 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 30 minutos



Non é unha gran ruta, só un lugar curioso dos moitos que podemos ver nos arredores de Carnota e o Monte Pindo. No camiño das Estañeiras a San Cibrán, preto de onde arranca unha das subidas ao Pindo, podemos facer unha curta camiñada para ver, dentro do espazo do LIC, nun tramo de apenas 500 m, seis muíños, pequenos pero de boa feitura, con coidadas canles e amplos cubos, o máis antigo construído a finais do século XVIII, hai máis de 300 anos; que facía traballar a forza que xeraba un pequeno regato alimentado coas escasas augas que escoan das descarnadas abas do monte Pindo, nunha paisaxe típica da zona, as encostas coroadas de penedos de granito vermello nos que o tempo creou curiosos recortes e formas chamativas. O conxunto complétase cunha pontella, por debaixo da zona de aparcamento, que permite cruzar o río Valdebois e achegarse a outro muíño que se atopa ao seu carón.



